



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A ASOCIACIÓN DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PEIXES E MARISCOS (ANFACO-CECOPECA) PARA A PROMOCIÓN E A MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DAS CONSERVAS DE PRODUTOS PESQUEIROS NO ANO 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten previsto formalizar coa da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos – Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca (en adiante ANFACO-CECOPECA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de xaneiro ata o 30 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e ANFACO-CECOPECA para a coordinación de accións de promoción das conservas de produtos pesqueiros e a mellora da súa comercialización.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1. IX CONFERENCIA MUNDIAL DO ATÚN “VIGO 2019”

A industria atuneira de Galicia, motor socioeconómico importante para a economía desta rexión, ten que facer fronte a un entorno cambiante e ademais opera nun mercado globalizado, cunha crecente competencia internacional. Deste xeito, coa finalidade de analizar a actualidade desta industria nos ámbitos do abastecemento, transformación e comercialización do atún no contexto internacional, os retos ós que se enfronta, as características e perspectivas futuras do entorno no que opera e que inciden na súa actividade, requirindo que a industria galega se adapte ás esixencias do mercado para continuar mantendo a súa competitividade e posición de liderado a nivel mundial, considérase de gran interese para o conxunto do sector industrial transformador e conserveiro de Galicia levar a cabo a IX edición da Conferencia Mundial do atún “Vigo 2019”.

2. XORNADAS SOBRE CLAVES DE FUTURO PARA O SECTOR

O sector industrial transformador e conserveiro de produtos da pesca e da acuicultura de Galicia cada vez ten maiores esixencias empresariais que deben ser atendidas para lograr o seu crecemento e expansión.

Para poder abordar ditas esixencias, considérase adecuado levar a cabo 4 xornadas no marco das seguintes temáticas: internacionalización, competitividade, seguridade e calidade alimentaria e innovación.

3. CLASES DE COCIÑA – DEGUSTACIÓNS

Os produtos do mar son un elemento esencial para poder levar unha vida sa e saudable. As conservas de peixe e marisco contribúen a cubrir unha gran parte das necesidades diarias de proteínas e vitaminas dos consumidores. Moitas veces, o problema que se presenta cos produtos do mar é o descoñecemento da preparación e as diferentes formas de cocinar, presentar e consumir estes produtos.

Deste xeito, considérase cada vez máis importante ensinar ós consumidores como poder elaborar e presentar pratos con estes produtos do mar, fomentando así un maior consumo dos mesmos.





4. PROSPECCIÓN DE MERCADOS, FEIRAS E PROMOCIÓN EN PUNTO DE VENDA

Mercado europeo

Bélxica - Bruxelas: Realización dunha degustación de produtos do mar de Galicia no marco da Feira Seafood Expo Global que se celebrará en Bruxelas do 7 ó 9 de maio de 2019. Deste xeito se invitará ademais das empresas produtoras, a clientes, importadores, distribuidores e organismos e institucións. Farase tamén unha prospección do mercado deste país, visitando distintos puntos de venda para así realizar unha análise da oferta de produtos da pesca e da acuicultura neste mercado.

Alemaña: Coincidindo coa celebración da feira ANUGA, do 5 ó 9 de outubro de 2019 en Colonia (Alemaña), realizarase unha degustación de produtos transformados da pesca e da acuicultura de Galicia. Tamén visitarase diferentes puntos de venda co obxectivo de coñecer a oferta de produtos no mercado alemán e así analizar as oportunidades de comercialización para os produtos da industria galega, elaborando un informe.

Mercado americano

Realizarase unha promoción de conservas de produtos pesqueiros de Galicia en puntos de venda (tendas e supermercados) no mercado de EE.UU., preferentemente en Florida.

Tamén se realizará unha análise da oferta de produtos da pesca e a acuicultura neste mercado, estudando ás súas principais innovacións e tendencias. Elaborarase un informe coa información, recollendo tamén os requisitos necesarios para comercializar produtos do mar e a acuicultura de Galicia nese mercado, así como unha análise do comercio bilateral entre Galicia e EE.UU.

Mercado asiático

Consistirá na presenza na feira Food & Hotel China 2018 cun stand de promoción. Esta feira sectorial de alimentación, bebidas e hostalaría ten carácter anual e celébrase en Shanghái, no mes de novembro de 2019. É unha feira profesional que representa unha plataforma para coñecer de primeira man as oportunidades que ofrece un mercado en expansión como o chino para os produtos transformados do mar. Farase tamén unha prospección do mercado ao obxecto de observar as tendencias xerais do mercado chino para os produtos transformados da pesca e facer unha análise da competencia e das oportunidades de comercialización dos produtos do mar galegos.

5. PROMOCIÓN DAS CONSERVAS DE PEIXE E MARISCO “UNA LATA EN CADA ETAPA”

O Camiño de Santiago é un dos grandes atractivos turísticos e culturais do noso país. Cada ano atrae a miles de persoas de todo o mundo. Unha mostra do seu éxito é o aumento de peregrinos dende fai 25 anos. Co obxectivo de dar un carácter internacional a esta acción, propónse a realización dunha promoción das conservas de peixe e marisco no Camiño de Santiago Portugués. A ruta portuguesa é a que máis creceu nos últimos anos.

Un foodtruck “Cata la lata” será o eixe vertebrador desta acción, que recorrerá parte das etapas da ruta portuguesa e ofrecerá degustacións, ademais de información e merchandising.

6. COMPILACIÓN CONMEMORATIVA SOBRE OS 115 ANOS DE HISTORIA GRAZAS AO MUSEO ANFACO (1904-2019)





Con motivo do 115 aniversario, deséxase realizar unha compilación da institución a través das diferentes pezas do museo ANFACO. Informaríase sobre os fundamentos teóricos da mostra, aportando valor cultural en xeral, e brindando información que relacione a colección coa institución que a acolle. Quedaría plasmado nun rexistro impreso, que agregue valor á obra e reforce a mensaxe de tradición e modernidade do sector conserveiro de peixes e mariscos. Espérase aportar un documento de colección, que posibilite ao lector entender a transcendencia histórica e impacto socioeconómico, con elementos materiais existentes e que forman, ademais, parte do patrimonio industrial de Galicia.

7. ESTUDO DA COMPETENCIA NO MERCADO DA UE

O obxectivo do estudo é analizar o mercado comunitario das conservas de atún poñendo especial atención ó produto procedente de Terceiros Países, identificándose como mercados comunitarios relevantes os Países Baixos e Bélxica. A través do mesmo avalíaranse parámetros relacionados coa seguridade, calidade, identidade, composición, etiquetado..., e en xeral o grado de cumprimento da normativa comunitaria en ditos produtos.

O plan de mostraxe contempla a adquisición de aproximadamente 35 mostras de conservas de atún, en distintas presentacións comerciais e formatos, tomándose para cada mostra a cantidade equivalente a 10 latas/envases, destinándose 6 latas/envases para a práctica da análise posterior e 4 para arquivo de mostras.

8. CREACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA OFICINA SECTORIAL DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL

Nun momento de constantes cambios no entorno, as empresas deben ter a capacidade de anticiparse e as ferramentas necesarias para adaptarse. Neste contexto, a dixitalización das empresas converteuse nun activo fundamental, entendendo este proceso de transformación dixital como unha palanca clave para potenciar a súa competitividade.

Actualmente, a gran maioría das empresas galegas levaron a cabo algún proceso de transformación dixital, e nunha parte destacada das mesmas dita transformación xa se está traducindo en incrementos de produtividade. Con todo, a pesar de que o desempeño do noso tecido empresarial non está sendo deficiente neste campo, se enfronta co inconveniente de que a súa evolución está sendo máis lenta que a de moitos dos seus competidores e, no dixital, a velocidade conta máis que nunca.

Partindo destas consideracións, podemos afirmar que a dixitalización das empresas non é unha opción, é unha necesidade, sendo clave como afrontar este proceso. Por iso, para acelerar este proceso e conseguir a converxencia das empresas galegas do sector conserveiro de produtos da pesca e a acuicultura coas compañías máis avanzadas dixitalmente a nivel mundial, dende ANFACO-CECOPESCA propónse a creación e posta en funcionamento dunha Oficina de Transformación Dixital (OTD), que facilite o proceso de transformación dixital das mesmas. O obxectivo é fortalecer o ecosistema de soporte ás empresas en materia TIC a través de:

- Servizos de difusión: accións de sensibilización e difusión ás empresas no seu proceso de transformación dixital.
- Servizos de apoio: consultaría, asesoramento e asistencia técnica sobre as solucións e metodoloxías TIC máis adecuadas para mellorar a xestión das empresas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola





Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: “7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos”.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

ANFACO-CEPOPECA é unha asociación, sen ánimo de lucro, representativa da práctica totalidade do sector conserveiro dos produtos pesqueiros. Entre os seus fins está a realización de todas aquelas accións encamiñadas á promoción dos produtos derivados da pesca, o marisqueo e a acuicultura. Sendo a única asociación do sector conserveiro, capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrència competitiva con outras asociacións do sector.

A Consellería do Mar e ANFACO-CEPOPECA están interesados na potenciación do sector da conservación e transformación dos produtos pesqueiros en Galicia, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta industria, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das conservas de produtos pesqueiros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

